

EXPEDIENTE: 2025/E001/000007 (relacionado co expediente 2025/A008/000029)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 ASISTENTE DE DIRECCIÓN E ADMINISTRATIVO/A (CNO 3613) PARA O PROXECTO “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS QUE CONTRATEN PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN

Visto o expediente que se tramita relativo á ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613) para o proxecto “GARANTÍA XUVENIL DODRO 2025”, ao abeiro da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para entidades locais que contraten persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no Marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Segundo se establece no artigo 29 da orde da convocatoria citada o sistema de selección é de presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego Santiago Norte e posterior concurso de méritos segundo se establece nas bases que rexen o proceso selectivo. (RA 627/2025 de 27/11/2025)

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de persoas candidatas, relativa á oferta núm. 12-2025-11468 (secretarios de dirección), e presentada por estas a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 04/12/2025 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
958	Franqueiro Edreira, Pablo
970	Rama Gey, Kathrein

Segundo.- Declarar definitivamente excluído, por non ter presentada a solicitude de participación no proceso selectivo a:

- Pablo Tojo González

Terceiro.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Vogais:

Titular: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro

Suplente: Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro

Suplente: Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Titular: Fernando González Ares, persoal laboral fixo do Concello de Dodro

Suplente: Inmaculada Seage Freire, persoal laboral fixo do Concello de Rois

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, funcionaria do Concello de Dodro

Suplente: José Ángel Sorribas Bustelo, funcionario do Concello de Rois

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 1 asistente/a de dirección e administrativo/a (CNO 3613) para a súa constitución e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes o día 09/12/2025, ás 13:00 horas, na Casa do Concello de Dodro.

Quinto.- Convocar o día 09/12/2025 ás 13:30 horas, na Casa do Concello de Dodro, para a realización do exercicio correspondente a proba de galego por non ter acreditado o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 4 ou equivalente, a seguinte aspirante:

- Rama Gey, Kathrein

Sexto.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe*